

Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Persoal, oposicións*MODIFICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO QUE SE CONVOCA
PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE XARDÍNS (OPE 2024)**ANUNCIO*

A alcaldesa ditou a Resolución de Alcaldía núm.: 2026-1156, con data de 27/03/2026, pola que resolveu:

- PRIMEIRO: Avocar a atribución delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución de Alcaldía núm.: 2023-1639, con data de 03/07/2023.

- SEGUNDO: Modificar o tema número 8 da base quinta do temario das bases específicas do proceso selectivo que se convoca para cubrir UNHA praza de persoal laboral fixo denominada OPERARIO/A DE XARDÍNS, a tempo completo, equiparada a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6.^a do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), categoría Operario/a, polo sistema de oposición libre, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, que se publicaron integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm.: 234, do 05/12/2025 e o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm.: 4, do 08/01/2026, polo que, onde di: “Poda e cirurxía arbórea e de arbustos. Ferramentas de poda e enxertos”, debe dicir: “Poda. Ferramentas de poda e enxertos”.

- TERCEIRO: Publicar a antedita modificación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na sede electrónica, na páxina web deste concello e no Diario Oficial de Galicia.

Redondela, 30 de marzo do 2026.

A alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez

